

4.6. outros indicadores de benestar social

A análise do capítulo 4.- **Sección pública e benestar social** remata coa presentación dunha serie de indicadores que resultan de interese para coñecer la “saúde” dunha determinada sociedade. Estes indicadores analizados englobanse en tres grandes apartados: consumo, vivenda e cultura.

Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes bloques nos que se estuda, por unha banda, a renda familiar bruta disponible (RFBD) e o a gasto medio anual por persoa, a partires dos datos facilitados polo INE e por Funcas.

Pola outra, coméntanse os datos da protección ó consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo e a actividade dos colexios arbitrais da Xunta de Galicia.

- *Renda familiar bruta disponible e gasto medio anual por persoa*

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta disponible, que indica o poder de compra das familias. O **cadro C.5.17.** (*Renda familiar bruta disponible (poder de compra) nas CC.AA. 1999-00*) reflicte que a RFBD por habitante medrou en Galicia no ano 2000 un 8,8%, para situarse nos 1.699.635 pesetas.

Comparado co total estatal, a renda familiar bruta (poder de compra) por habitante en Galicia acada o 90,85% do valor medio de España (1.870.760 pesetas), o que supón unha medra de 0,2 puntos en relación ó ano anterior.

O gasto medio anual por persoa en Galicia no ano 2000, segundo os datos do INE, foi de 983.861 pesetas, un 5,1% menos do gasto medio por persoa para o conxunto do estado (1.036.894 pesetas). Tal e como amosa o **cadro 4.6.1.**, en

CADRO 4.6.1.**Gasto medio anual por persona en alimentación, resto de gastos e gasto total por Comunidade Autónoma de residencia 1999-2000.**

	1999			2000			00/99		
	Total	Alimentos, bebidas e tabaco		Resto	Total (Gasto medio por persona en pesetas)	Alimentos, bebidas e tabaco		Resto	Total
		Resto	Total			Resto	Total		
Andalucía	835.925	178.889	657.036	893.238	194.146	699.002	6.9	8.5	6.4
Aragón	989.135	213.096	776.039	1.059.010	250.926	848.044	11.1	17.8	9.3
Asturias	942.563	212.897	729.666	1.008.812	208.599	800.213	7.0	2.0	9.7
Baleares	1.042.039	194.546	847.493	1.192.351	220.268	972.033	14.4	13.2	14.7
Canarias	850.141	178.641	671.500	915.995	183.669	732.326	7.7	2.8	9.1
Cantabria	1.009.809	228.709	781.100	1.143.199	228.307	914.822	13.2	-0.2	17.1
Castela e León	896.717	200.380	696.337	948.486	203.042	745.444	5.8	1.3	7.1
Castela - A Mancha	781.165	178.414	602.751	898.836	203.199	695.637	15.1	13.9	15.4
Cataluña	1.051.408	228.617	852.521	1.164.019	242.823	921.196	7.6	6.2	8.1
Comunidade Valenciana	893.109	200.971	692.138	992.003	212.819	779.184	11.1	5.9	12.6
Extremadura	653.837	178.398	475.439	787.489	206.012	581.477	20.4	15.5	22.3
Galicia	872.559	213.804	658.755	983.861	226.087	757.774	12.8	5.7	15.0
Madrid	1.139.962	190.721	949.241	1.279.834	216.518	1.063.316	12.3	13.5	12.0
Murcia	791.171	207.598	583.573	909.192	225.076	684.116	14.9	8.4	17.2
Navarra	1.174.401	214.693	959.707	1.240.544	213.800	1.026.744	5.6	-0.4	7.0
Pais Vasco	1.025.500	227.479	798.021	1.091.817	234.710	857.107	6.5	3.2	7.4
A Rioxa	934.186	216.765	717.421	1.069.397	228.842	840.555	14.5	5.6	17.2
Ceuta e Melilla	965.307	196.033	769.274	997.263	195.444	801.819	3.3	-0.3	4.2
Total	945.443	200.954	744.489	1.036.894	215.846	821.048	9.7	7.4	10.3

Fonte: INE, Encuesta Continua de Presupuestos Familiares

CADRO 4.6.2.

Consultas, reclamacións e denuncias presentadas en materia de consumo 1999-00

	1999	2000	00/99 %
Consultas			
productos alimenticios	10.681	15.820	48,1
productos industriais	1.383	1.643	18,8
sector servicios	2.585	3.872	49,8
	6.713	10.305	53,5
Reclamacións atendidas	3.545	5.548	56,5
Denuncias	494	269	-45,5

Fonte: Instituto Galego de Consumo

CADRO 4.6.3.

Arbitraxe de consumo 1999-00: solicitudes presentadas diante da Xunta Arbitral de Consumo

	Solicitudes presentadas				Solicitudes admitidas	Solicitudes resoltas			Cuantía media das reclamacións (en pesetas)
	polas asociacións de consumidores	polos consumidores	por organismos públicos	total		por mediación	por laudo	total	
	1999	2000	00/99 (%)						
1999	50	758	179	987	980	78	481	559	111.975
2000	51	1.029	176	1.256	1.251	141	680	821	59.312
00/99 (%)	2,0	35,8	-1,7	27,3	27,7	80,8	41,4	46,9	-47,0

Fonte: Instituto Galego de Consumo

termos absolutos, o gasto medio anual por persoa en Galicia é superior ó rexistrado en Andalucía, Canarias, Castela e León, Castela-A Mancha, Estremadura e Murcia. Non obstante, en termos de crecemento, Galicia experimenta un crecemento superior á media española (12,8% e 9,7%, respectivamente), sendo superado por Baleares, Cantabria, Castela-A Mancha, Estremadura, Murcia e A Rioxia.

Desas 983.861 pesetas, Galicia dedica un 23% á compra de alimentos, bebidas e tabaco, eido no que é superada tan só polas comunidades de Estremadura, cun 26,2%, e de Murcia, que adica un 24,8%. En España, esta porcentaxe ascende ó 20,8%. Comparado co ano anterior, o gasto medio nestes productos medrou en Galicia un 5,7%, fronte ó 7,4% do conxunto estatal.

• Protección ó consumidor

Os servicios do Instituto Galego de Consumo atenderon ó longo do ano 2000 un total de 15.820 consultas ou solicitudes de información, tal e como reflicte o **cadro 4.6.2.**, das que a maior parte das mesmas, 10.305, pertencen ó

sector servicios. Comparado co ano anterior, rexístrase un crecemento do 48,1% no número de consultas, sendo esta taxa de crecemento do 53,5% no caso do sector servicios.

En relación ós sectores que máis solicitudes de información tiveron, a vivenda (tanto a venda e alugueiro como a reparación da mesma) é o sector que máis consultas motivou, seguido do sector turismo (axencias de viaxe, restauración) e o sector de servicios de limpeza de artigos téxtiles (tinturerías).

O número de reclamacións atendidas ascendeu a 5.548, fronte ás 3.545 do ano anterior, o que supón un incremento do 56,5%. O número de denuncias reduciuse un 45,5%, acadando as 269 denuncias.

Os temas que provocan máis reclamacións son os das tinturerías, seguidas dos servicios de reparación de electrodomésticos e servicios públicos de abastecementos (electricidade, auga). No caso das denuncias, as que acapararon un maior volume son as relacionadas coa publicidade efectuada polas distintas empresas prestadoras de servicios.

Ó longo do ano 2000 aumentou a actividade dos colexios arbitrais dependentes da Xunta de Galicia. Neste ano figuraban adheridas ó sistema arbitral de consumo en Galicia 3.583 empresas e profesionais, contando coa colaboración de 29 asociacións de consumidores e usuarios e 59 asociacións empresariais.

Tal e como reflicte o **cadro 4.6.3.**, o número de solicitudes presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia no ano 2000 ascendeu a 1.256, o que significa un aumento do 27,3% respecto ó ano anterior. O 81,9% do total das solicitudes foron presentadas polos consumidores (medrou un 35,8% o número de solicitudes presentadas por eles mesmos), en tanto que os organismos públicos e as asociacións dos consumidores presentaron, respectivamente, o 14% e o 4,1%.

Ó longo de 2000, a práctica totalidade das solicitudes de arbitaxe presentadas foron admitidas (1.251), e destas foron resoltas 821 solicitudes, o que representa o 65,6%. A meirande parte das solicitudes resoltas o fixeron por laudo, 680, dos que o 84,3% foron adoptados por unanimidade, 77 por conciliación (11,3%) e 30 (4,4%) por maioria. Desde a designación do colexio arbitral, un total de 189 son emitidos nun prazo inferior a un mes e 447 nun prazo inferior a dous meses.

Os sectores máis significativos en canto á incidencia das reclamacións, dentro dos que voluntariamente se adheriron ó sistema de arbitaxe, foron a telefonía, co 33,7%, as tinturerías, co 16,9%, e o subsector de roupa-calzado, co 6,7%.

Finalmente, a contía media das reclamacións presentadas no ano 2000 foi de 59.312 pesetas, fronte ás 111.975 pesetas do ano anterior.

Vivenda

Respecto a análise da vivenda, o apartado está dividido en dous grandes bloques. No primeiro deles preséntanse os datos facilitados polo

Ministerio de Fomento (Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo) relacionados coas vivendas financiadas e os préstamos concedidos para vivendas de protección oficial segundo modalidades de actuacións protexidas.

O segundo apartado presenta uns indicadores de calidade de vivendas a partires da *Enquisa de condicións de vida das familias: Módulo de características básicas de fogares* de 1999.

- **Plan de vivenda**

No ano 2000, o número de vivendas financiadas en Galicia, **cadro 4.6.4.**, ascendeu a 5.708 (o 5,3% do conxunto do estado), o que representa un crecemento do 30,4% sobre o ano anterior. Destas 5.708 vivendas financiadas, o maior número, con 2.764, corresponde ás vivendas protexidas de nova construción (o 48,4% do total das vivendas financiadas no ano 2000), seguido pola rehabilitación de edificios e vivendas, con 2.076 vivendas financiadas.

Comparado coas outras comunidades autónomas, o devandito cadro reflicte que Galicia é a séptima comunidade con maior número de vivendas financiadas, por detrás de Madrid (21.899), Cataluña (16.272), Andalucía (12.989), a Comunidade Valenciana (12.973), Aragón (7.073) e Castela e León (6.561).

En relación ó problema do financiamento das vivendas de protección oficial, o **cadro 4.6.5.** amosa que no ano 2000 o valor total dos préstamos concedidos ascendeu a 27.874 millóns de pesetas, o que supón o 7,3% do total estatal (sen ter en conta os datos para o País Vasco e Navarra). Apréciase que a meirande parte do financiamento vai dirixido ás vivendas protexidas de nova creación, cun importe de 24.517 millóns de pesetas, que representa o 88% do total do importe dos préstamos concedidos para vivendas de protección oficial en Galicia.

Comparado co resto das comunidades, o devandito **cadro 4.6.5.** amosa que Galicia é a

CADRO 4.6.4.
Vivendas financiadas nas CC.AA. (1) 2000: distribución segundo modalidades de actuacións protexidas

	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e Mancha	Cataluña	C. Valenciana	Estremadura	Galicia	Madrid	Murcia	A Rioxa	Ceuta	Melilla	Total
<i>(en miles de pesetas)</i>																	
Vivendas protexidas de nova construcción																	
Para venda																	
Grupo A (2)	6.075	486	219	311	765	142	792	1.325	1.473	4.781	619	869	216	8	118	-	121
Grupo B (3)	-	312	226	288	-	349	78	-	1.593	4.017	-	1.314	-	2.881	192	-	-
Grupo C (4)	869	44	361	7	80	220	103	250	192	44	1.612	572	743	-	15	-	-
Para alquiler																	5.612
A 10 anos	-	120	-	-	6	-	-	-	190	52	-	-	43	7	-	-	418
A 25 anos	694	75	85	1	-	232	10	4	146	87	-	9	168	36	-	-	1.547
Cofinanciación de VPO de promoción pública																	
Para venda																	-
Para alquiler																	-
Adquisición de outras vivendas existentes																	
Para venda																	
Grupo A (2)	558	384	67	42	31	80	350	229	214	1.670	145	202	11	127	212	-	4.322
Grupo B (3)	3	365	538	58	31	92	791	-	812	84	63	226	198	9	245	1	3.426
Reabilitación																	
Áreas																	9.403
Edificios (en nº de viv.) e vivendas																	
Con subvención	-	-	860	431	-	-	-	-	3.494	-	-	440	4178	-	-	-	-
Resto	2.892	2.782	1.249	832	-	284	4.172	2.787	7.213	2.057	1.386	1.899	3.608	188	1.314	-	9.326
Resto	321	1	116	19	2	44	265	65	945	181	179	177	107	73	181	2	3.267
Solo																	
Solo 1 (a medio plazo)																	
Con subvención	1.577	2.504	1.546	355	36	-	-	-	-	-	-	-	2.281	-	-	-	8.299
Resto	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	10.479	-	81	-	10.500
Solo 2 (formación de patrimonio público)																	-
Con subvención	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Resto	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Totais																	
Total vivendas	11.412	4.569	3.721	1.989	915	1.943	6.561	4.680	16.272	12.973	4.004	5.708	9.139	3.365	2.284	3	133
Total solo	1.577	2.504	1.546	355	36	-	6.561	4.680	16.272	12.973	4.004	5.708	12.760	81	-	-	89.671
Total vivendas+solo	12.989	7.073	5.267	2.444	951	1.943	-	-	-	-	-	-	21.899	3.365	2.365	3	133
																	18.859
																	108.530

(1) seteando para País Vasco e Navarra

(2) preço máximo, segundo art. 6.1.a)

(3) preço máximo, segundo art. 16.1.c)

(4) Pordenón especial da Arquitectura y el Urbanismo

CADRO 4.6.5.

Préstamos concedidos para vivendas de protección oficial nas CC.AA. (1) 2000, distribución segundo modalidades de actuación protegidas

	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castile-A Mancha	Cataluña	C. Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	A Rioira	Ceuta	Meilla	Total
Viviendas protegidas de nova construcción																		
Para venda																		
Grupo A (2)	44.507	4.522	1.510	2.721	6.507	1.002	6.081	10.090	13.614	39.304	4.677	6.986	1.789	64	977	-	1.160	145.521
Grupo B (3)	-	3.025	1.889	2.829	47	526	3.682	810	18.050	40.603	321	11.002	13.388	26.191	2.017	-	-	112.591
Grupo C (4)	5.491	-	323	4.939	-	691	4.939	691	1.588	1.418	-	4.065	5.194	-	-	-	-	37.595
Para aluguer																		
A 10 anos	-	1.057	-	-	20	1.518	-	43	11	1.436	251	-	-	68	267	36	-	3.067
A 25 anos	4.083	-	447	470	7	-	-	-	538	471	-	-	1.004	54	-	-	-	8.714
Cofinanciación de VPO de promoción pública																		
Para venda																		
Para aluguer	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Adquisición de outras vivendas existentes																		
Grupo A (2)	3.184	2.297	404	253	192	478	1.928	1.330	9.493	735	1.184	89	782	1.207	-	-	-	24.946
Grupo B (3)	19	2.397	3.432	515	239	718	6.490	-	6.722	784	368	1.828	1.012	55	1.805	5	-	26.389
Rehabilitación																		
Áreas																		
Edifíos (en nº de viv.) e vivendas	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	5.663
Con só subvención	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Resto	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Solo																		
Solo 1 (a medio plazo)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Con só subvención	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Resto	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	14.577
Solo 2 (formación de patrimonio público)	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Con só subvención	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Resto	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Totais																		
Total vivendas	57.997	14.069	9.916	6.445	7.490	12.440	16.424	13.156	45.420	91.629	17.219	27.874	9.275	27.608	6.637	11	1.168	364.778
Total solo	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	14.577
Total vivendas+solo	57.997	14.069	9.916	6.445	7.490	12.440	16.424	13.156	45.420	91.629	17.219	27.874	9.275	27.608	6.637	11	1.168	379.555

(1)sanitarios para País Vasco e Navarra

(2)pendente da información da Comunidade Autónoma

(3)prezo máximo, segundo art. 16.1.a)

(4)prezo máximo, segundo art. 16.1.c)

Fonte: Ministério de Fomento, Dirección General de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo

CADRO 4.6.6.

Vivendas segundo dispoñan ou non de determinadas instalacións. 1999

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
%					
Auga quente					
Dispoñen	97,6	91,3	94,7	96,3	95,9
Non dispoñen	2,4	8,7	5,3	3,7	4,1
Total	100	100	100	100	100
Calefacción instalada					
Dispoñen	32,4	44,4	49,8	45,6	40,7
Non dispoñen	67,6	55,6	50,2	54,4	59,3
Total	100	100	100	100	100
Baño ou ducha					
Dispoñen	99,0	96,3	97,9	98,5	98,3
Non dispoñen	0,8	3,1	1,4	1,2	1,3
Non consta	0,2	0,6	0,7	0,3	0,4
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

CADRO 4.6.7.

Vivendas que manifestan ter determinados problemas. 1999

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
%					
Delincuencia	19,0	5,4	9,3	24,5	17,5
Contaminación	19,2	9,9	5,1	23,5	17,3
Deficiente abastecemento de auga	8,7	19,3	9,2	9,9	10,6
Deficiente enerxía eléctrica	10,2	11,0	8,8	9,5	9,9
Podremia en solos ou ventás	10,7	19,6	12,4	9,5	11,8
Humidades	44,0	40,0	31,3	37,7	39,7
Goteiras	12,2	22,1	14,4	11,3	13,6
Deficiente illamento térmico	29,3	33,0	24,8	27,7	28,7
Luz insuficiente	16,6	17,5	12,4	14,2	15,4
Ruidos exteriores	24,1	13,8	15,5	28,3	22,8
Falta de espacio	22,1	21,1	17,3	22,3	21,3

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

cuarta comunidade en cuanto ó valor destes préstamos concedidos, por detrás da Comunidade Valenciana (91.629 millóns de pesetas), Andalucía (57.997 millóns) e Cataluña (45.420 millóns). Estas tres comunidades acollen o 51,4% do total dos préstamos concedidos.

• Indicadores de calidad de vivendas

Segundo os datos da *Enquisa de condicións de vida das familias: Módulo de características básicas de fogares* de 1999, o **cadro 4.6.6.** reflicte que en Galicia un 95,9% do fogares dispoñen de auga quente e que hai un 1,3% dos fogares galegos que non contan con baño ou ducha. Atendendo á distribución provincial, salienta a situación dos fogares da provincia de Lugo, onde hai un 8,7% dos mesmos que non conta con auga quente, e que un 3,1% (ó que hai que engadir un 0,6% que non consta) non teñen baño ou ducha.

Respecto ós problemas que manifestan ter determinadas vivendas, o **cadro 4.6.7.** amosa que os catro problemas máis sinalados nos fogares galegos son os das humidades (39,7% dos fogares galegos), o deficiente illamento térmico (28,7%), os ruidos exteriores (22,8%) e a falta de espacio (21,3%).

Aínda que con distinta proporción, o devandito **cadro 4.6.7.** amosa que estes son os catro problemas máis sinalados nas vivendas das provincias de A Coruña e Ourense, en tanto que na provincia de Pontevedra os problemas da delincuencia (24,5%) e os da contaminación (23,5%) superan á porcentaxe asignada no caso da falta de espacio (22,3%).

Na provincia de Lugo as humidades e o deficiente illamento térmico son os principais problemas manifestados nas vivendas, seguidas polo problema das goteiras e os da falta de espa-

CADRO 4.6.8.

**Presupostos consolidados da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo 1999-00:
distribución dos créditos por programas**

	1999	2000	00/99
	(en millones de pesetas)		%
Dirección e Servicios Xerais de Cultura	1.835,5	1.899,8	3,5
Bibliotecas e Prom. Do Libro e a lectura	473,1	488,7	3,3
Arquivos e Museos	443,9	343,2	-22,7
Promoción, difusión e cooperación cultural	2.979,4	2.430,9	-18,4
Audiovisuais e fotografía	207,0	-	-100,0
Audiovisual	-	1.582,7	
Teatro, música e danza	917,0	917,0	0,0
Patrimonio hist., artístico e arqueolóxico	2.376,6	2.356,3	-0,9
Exposiciones e artes plásticas	90,0	83,2	-7,6
Cobertura informativa e apoio a com. social	546,6	898,4	64,4
Radiodifusión e TVG	12.423,0	12.638,0	1,7
Ord. e xest. do turismo	2.030,7	482,6	-76,2
Xacobeo	5.616,9	4.211,9	-25,0
Fomento e potencia. do turismo	1.646,0	3.247,8	97,3
Elaboración e difusión estatística	5,0	5,0	0,0
Plan Galego de I+D Técnico	-	247,2	
Total	31.590,7	31.832,7	0,8

Fonte: Xunta, *Presupostos xerais da C.A.*

cio. Nesta provincia hai dous problemas manifestados cun peso moi superior o da media galega: o deficiente abastecemento de auga e o da podremia en solos ou ventás, cun peso relativo superior ó 19%, cando no conxunto galego esas porcentaxes representan o 10,6% e o 11,8%, respectivamente.

Cultura

O apartado dedicado á análise da cultura, tras presenta-la evolución dos diferentes programas dos presupostos da Xunta de Galicia nesta materia, analiza a actividade editorial ó longo dos dous últimos anos (libros e prensa escrita), a oferta e a demanda dos medios audiovisuais (artes escénicas, música clásica e moderna, radio e televisión, e cine) así como os datos da *Enquisa de condicións de vida das familias* relacionados coa cultura.

Para a realización do mesmo, analízanse os datos facilitados polo INE, os presupostos Xerais da Xunta, a Sociedad General de Autores y Editores de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales (SGAE), a Oficina de Justificación de la Difusión (OJD) e o IGE.

O **cadro 4.6.8.** reflicte o presupuesto consolidado da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a súa distribución por pro-

gramas. Este presupuesto ascendeu a 31.832,7 millóns de pesetas no ano 2000, un 0,8% máis que no exercicio anterior, cando se dedicaron un total de 31.590,7 millóns.

Como recolle o **cadro 4.6.8.**, os programas cun maior presuposto son, por unha banda, o de Radiodifusión e TVG, con 12.638 millóns de pesetas –que tería como obxectivos aporta-los recursos económicos complementarios para o funcionamento da CRTVG e das súas empresas, a dotación de medios materiais e técnicos necesarios para o mantemento das redes de radio e televisións institucionais que darán cobertura de recepción a todo o territorio de Galicia– e maiores programas do Xacobeo (4.211,9 millóns) e o de fomento e potenciación do turismo (3.247,8 millóns de pesetas).

Comparado co ano anterior, salienta, por unha banda, o descenso do importe do programa 353D Xacobeo, que pasa dos 5.616,9 millóns de pesetas do ano 1999 ós 4.211,9 millóns do ano 2000, o que significa un descenso do 25%. Pola outra banda, o presupuesto do programa 751A Fomento e potenciación do turismo medra un 97,3% respecto ó ano precedente para situarse nos 3.247,8 millóns de pesetas.

Xunto á Consellería e o seu organismo autónomo, o Instituto Galego das Artes Escénicas

CADRO 4.6.9.

Producción editorial 1999-00: distribución segundo o idioma da publicación

	1999	2000	00/99
			%
Castelán	46.465	48.507	4,4
Catalán	6.971	7.359	5,6
Galego	1.070	1.197	11,9
Euskera	1.029	1.092	6,1
Outros idiomas ou dialectos nacionais	102	65	-36,3
Alemán	156	176	12,8
Francés	291	274	-5,8
Inglés	1.019	1.016	-0,3
Outros idiomas estranxeiros	935	987	5,6
En dous ou máis idiomas	1.136	1.338	17,8
Total títulos publicados	59.174	62.011	4,8

Fonte: INE, *Estadística de la producción editorial de libros*

cas e Musicais (Igaem), existen catro sociedades públicas –S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Compañía de R.T.V.G., Turgalicia, S.A. e Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. (Retegal)– cun presuposto total no ano 2000 de 24.926 millóns de pesetas (793 millóns o IGAEM e 24.133 millóns as sociedades públicas) fronte ós 27.078 millóns de pesetas en 1999.

• *A actividade editorial*

Ó longo do ano 2000 a produción editorial en Galicia ascendeu a 2.014 títulos (o 3,2% do total estatal), o que significa un crecemento do 15% respecto ó ano anterior, e o número de exemplares foi de 3.229 miles (o 1,4% do conxunto do estado), un 2,4% inferior ó rexistrado no ano 1999. A súa tirada media foi de 1.603 exemplares por título, fronte ós 1.888 exemplares do ano anterior.

Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia sería a séptima comunidade en canto ó número de títulos publicados, por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, C. Valenciana, Castela e León e o País Vasco. No caso do número de exemplares, sería a novena, por detrás das sete comunidades citadas e de Aragón e Navarra.

Da produción editorial total en España, o **cadro 4.6.9.** reflicte que se editan en castelán o 78,2% dos títulos, un 11,9% en catalán, valenciano e balear, un 1,9% en galego e un 1,8% en

euskera. Comparado co ano anterior, o número de títulos en galego medrou un 11,9%, pasando dos 1.070 do ano 1999 ata os 1.197 do ano 2000.

No eido da produción editorial de libros, o **cadro 4.6.10.** reflicte que o número de títulos medrou un 14,8% para situarse nos 1.812 títulos. Tendo en conta o número de exemplares, 2.966 miles de exemplares, a tirada media por título ascendeu a 1.637 exemplares.

A *Enquisa de condicións de vida das familias: Módulo de características básicas de fogares* reflicte que o 59,9% dos fogares galegos posúen menos de 50 libros (un 28,2% ten menos de 10 libros) e que tan só 5,4% dos fogares galegos ten máis de 500 libros.

Atendendo á súa distribución provincial, o **cadro 4.6.11.** reflicte que na provincia de Ourense un 70% dos fogares posúe menos de 50 libros, e que tan só o 2,6% dos mesmos ten máis de 500 libros. Na provincia de Lugo, un 37,2% dos fogares ten menos de 10 libros (39,4% no caso da provincia de Ourense) en tanto que nas provincias de A Coruña e Pontevedra, un tercio dos fogares, aproximadamente, ten entre 10 e 50 libros.

Respecto á prensa escrita, o **cadro 4.6.12.** amosa que en Galicia no ano 2000 *La Voz de Galicia* segue sendo o principal xornal galego pola súa tirada (127.027 exemplares diarios e 163.908 no caso da edición dominical) e difu-

CADRO 4.6.10.

Producción editorial nas CC.AA. 1999-00: títulos e exemplares

	Total		Exemplares (1)		Libros		Exemplares (1)		Folleto		Exemplares (1)	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
	Titulos	Titulos	Exemplares (1)	Exemplares (1)	Titulos	Titulos	Exemplares (1)	Exemplares (1)	Titulos	Titulos	Exemplares (1)	Exemplares (1)
Andalucía	3.623	3.645	4.188	4.968	3.380	3.344	3.881	4.567	243	301	308	401
Aragón	1.574	1.623	5.925	6.989	1.350	1.476	5.386	6.623	224	147	539	366
Asturias	931	672	1.008	705	817	624	875	639	114	48	133	66
Baleares	561	581	713	861	508	520	663	792	53	61	49	69
Canarias	792	680	947	722	692	603	957	982	100	77	91	40
Cantabria	374	396	640	608	328	370	595	567	46	26	46	40
Castela e León	2.636	2.622	5.138	5.347	2.275	2.289	4.345	4.448	361	333	793	899
Castela - A Mancha	711	676	1.867	1.888	621	602	1.558	1.696	90	74	310	192
Cataluña	19.803	21.129	106.065	102.522	17.612	18.628	92.029	92.558	2.191	2.501	14.037	9.963
C. Valenciana	3.803	3.508	6.192	4.620	3.494	3.239	5.586	4.354	309	269	606	266
Estremadura	305	305	289	340	287	323	274	324	18	23	15	16
Galicia	1.752	2.014	3.307	3.229	1.579	1.812	2.669	2.966	173	202	638	262
Madrid	17.884	19.231	91.755	88.097	16.484	17.653	85.788	80.502	1.400	1.578	5.866	7.595
Murcia	565	534	422	540	479	745	377	25	55	17	46	46
Navarra	1.188	1.729	4.919	6.564	1.073	1.652	3.558	6.326	115	77	1.361	238
País Vasco	2.505	2.484	5.579	5.085	2.251	2.253	4.900	4.411	254	231	678	674
Rioxa	140	115	167	174	126	101	149	131	14	14	18	43
Ceuta e Melilla	27	26	77	16	25	20	77	13	2	6	-	2
Total	59.174	62.011	239.537	233.157	53.442	55.988	213.935	211.976	5.732	6.023	25.605	21.178

(1)exemplares en miles

Fonte: INE. Estadística de la producción editorial de libros

CADRO 4.6.11.

Fogares segundo o número de libros que posúen. 1999

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
	%				
Menos de 10	23,4	37,2	39,4	25,6	28,2
Entre 10 e 50	32,0	26,7	30,8	33,9	31,7
Entre 51 e 100	21,3	15,7	16,0	18,2	18,8
Entre 101 e 500	17,1	15,0	11,2	16,7	15,9
Máis de 500	6,2	5,4	2,6	5,6	5,4
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

CADRO 4.6.12.

Tirada e difusión da prensa escrita 1999-00 (1)

	1999		2000	
	Tirada	Difusión	Tirada	Difusión
ABC ed. Galicia	7.830	3.793		
Atlántico Diario	5.534	4.146	5.825	4.332
El Correo Gallego	21.259	18.126	21.596	18.238
El Mundo del Siglo XXI (ed. Galicia)	12.827	8.586	12.608	8.691
El Progreso	17.813	15.104	18.381	15.526
Faro de Vigo	50.252	42.278	51.053	42.639
ed. Ourense	1.406	970	1.516	1.074
ed. dominical	64.445	56.044	62.335	52.030
La Voz de Galicia	128.587	108.841	127.027	107.850
ed. A Coruña	93.264	80.753	92.663	79.848
ed. Lugo	11.172	9.152	11.280	9.090
ed. Ourense	6.720	5.394	6.656	5.274
ed. Pontevedra	19.577	15.554	18.990	15.576
ed. dominical	167.042	145.004	163.908	143.775
Marca (ed. Galicia)	39.922	28.639	36.072	25.845

(1) soamente os diarios controlados pola OJD
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

CADRO 4.6.13.

Fogares que mercan prensa. Distribución xeral. 1999

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
	%				
Mercan	31,8	23,8	21,1	28,4	28,1
Non mercan	67,9	75,9	78,8	71,2	71,6
Non consta	0,3	0,3	0,1	0,4	0,3
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

CADRO 4.6.14.*Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 2000*

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
	%						
Andalucía	27,4	21,3	48,7	50,3	91,2	9,9	10,1
Aragón	40,4	40,8	54,6	52,2	88,5	9,9	12,2
Asturias	51,5	48,3	61,1	62,1	88,0	8,4	10,7
Baleares	49,2	33,0	65,7	48,8	86,4	15,1	13,7
Canarias	39,2	16,2	52,8	51,3	86,0	11,5	11,7
Cantabria	58,6	56,8	67,2	55,8	90,8	7,8	9,3
Castela e León	39,5	32,8	54,2	53,9	89,5	10,4	8,8
Castela-A Mancha	19,6	14,3	44,9	43,7	91,0	8,4	8,3
Cataluña	39,5	36,1	60,7	54,9	89,8	13,6	18,6
C.Valenciana	32,4	29,8	57,2	49,4	89,9	11,1	12,5
Estremadura	28,5	19,2	50,2	46,8	93,9	9,7	6,9
Galicia	37,6	34,8	42,4	48,5	87,1	6,7	8,2
Madrid	32,3	34,2	51,4	56,9	86,9	13,2	16,3
Murcia	30,0	29,3	52,0	54,6	87,7	10,8	8,0
Navarra	60,2	46,9	54,1	57,4	91,2	9,2	13,8
Pais Vasco	58,4	60,2	59,1	61,1	87,5	12,0	14,0
A Rioxa	40,5	48,4	55,1	59,7	92,9	10,5	17,3
Total	36,3	32,1	53,6	52,9	89,2	11,0	12,6

(1) audiencia acumulada diaria

(2) polo menos unha vez na última semana

(3) uso nos últimos 30 días

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

sión (107.850 e 143.775, respectivamente), datos que o converten no décimo segundo diario en importancia a nivel estatal.

A devandita enquisa de condicións de vida das familias en 1999 amosa a porcentaxe de fogares que mercan prensa. No conxunto de Galicia o 71,6% dos fogares non marca ningún tipo de xornal, porcentaxe que ascende ó 78,8% no caso de Ourense e ó 75,9% no caso de Lugo. Pola contra, a provincia con maior porcentaxe de fogares que mercan prensa é A Coruña, onde o 31,8% dos fogares marca a prensa, seguida de Pontevedra, co 28,4%.

O grao de penetración dos diferentes medios de comunicación está reflectido no **cadro 4.6.14**. No caso dos medios de comunicación escritos (diarios, suplementos e revistas), Galicia presenta un maior grao de penetración que no caso estatal para os diarios e os suplementos, ó contrario do acontecido no caso das revistas.

Comparado coas outras comunidades, o devandito cadro reflicte que Galicia é a oitava comunidade con maior penetración no caso dos suplementos e a décimo primeira no caso dos

diarios. Pola contra, no caso das revistas, Galicia é a comunidade autónoma con menor grao de penetración.

• Os medios audiovisuais

En relación ás actividades audiovisuais desenvolvidas en Galicia e España nos anos 1999 e 2000, o **cadro 4.6.15**, amosa o número de espectadores e a recadación nos diferentes centros con actividades culturais. O cadro reflicte que o peso relativo dos espectadores galegos nos centros de música popular e concertos e recitais no total estatal é do 6,4%, sendo do 3,9% no caso dos cines.

Segundo os datos do INE, en 1999 houbo un total de 154 cines que proxectaron películas (o 4,7% do total estatal), que exhibiron un total de 350 títulos. O número de espectadores foi de 5.105.294 persoas, dos que 677.376 corresponden a películas españolas e os restantes 4.427.918 a películas estranxeiras.

O gasto medio por espectador en Galicia no ano 1999 ascendeu a 574 pesetas. Atendendo á diferenciación entre películas españolas e estranxeiras, o gasto medio nas primeiras ascen-

CADRO 4.6.15.

Espectadores e racadación nos centros con actividades culturais 1999-00

	Galicia				España			
	Espectadores		Recadación		Espectadores		Recadación	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000	1999	2000
(en millones de ptas.)								
Artes escénicas			231,4	225,7	12.294.230	12.605.270	17.404,1	20.167,3
Teatro	326.450	259.012	166,3	114,2	9.736.735	10.294.020	12.882,3	13.784,9
Danza			54,8	72,3	1.764.042	1.488.230	2.222,3	2.409,1
Género lírico	43.155	15.849	10,3	39,1	793.448	823.025	2.299,5	3.973,2
Música clásica	339.514	327.043	135,8	129,1	5.632.275	5.255.583	4.984,3	4.705,9
Música popular	1.256.976	1.445.014		544,1	20.105.944	22.420.506		12.374,8
Concertos e recitais		1.410.598	692,5	493,9		21.863.653	12.364,8	11.633,3
Cine (1)		5.229.613		3.201,9		134.507.168		89.541,5

(1) O número de espectadores está expresado en miles de persoas

Fonte: Sociedad General de Autores de España

CADRO 4.6.16.

Actividades das salas de proxección 1999

Cines que proxectaron	Nº de películas exhibidas	Espectadores		
		Total	Películas españolas	Películas estranxeiras
Galicia	154	350	5.105.294	677.376
A Coruña	73	485	2.897.605	373.535
Lugo	22	348	709.198	90.718
Ourense	16	235	324.012	51.535
Pontevedra	43	331	1.174.479	161.588
España	3.304	1.653	129.675.380	17.955.204
				111.989.996

Fonte: INE

CADRO 4.6.17.

Gasto medio por espectador 1999

	En xeneral	Películas españolas	Películas estranxeiras	%
				(en pesetas)
Andalucía	530	530	530	84,3
Aragón	621	615	622	98,7
Asturias	627	618	628	99,7
Baleares	641	640	641	101,9
Canarias	549	538	550	87,3
Cantabria	637	625	639	101,3
Castela e León	586	587	585	93,2
Castela-A Mancha	571	567	572	90,8
Cataluña	676	683	676	107,5
C.Valenciana	607	595	596	96,5
Estremadura	533	522	535	84,7
Galicia	574	559	577	91,3
A Coruña	591	578	593	94,0
Lugo	539	523	542	85,7
Ourense	531	514	535	84,4
Pontevedra	566	549	569	90,0
Madrid	720	729	718	114,5
Murcia	539	535	539	85,7
Navarra	639	640	638	101,6
País Vasco	641	637	642	101,9
A Rioxas	639	635	640	101,6
Ceuta e Melilla	501	498	502	79,7
Total	629	636	627	100

Fonte: INE

CADRO 4.6.18.*Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 1998-00*

	1998		1999		2000	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión	Radio	Televisión
(media de minutos sobre o total da poboación)						
Andalucía	91	234	84	233	90	236
Aragón	91	195	90	182	90	197
Asturias	111	206	116	197	121	220
Baleares	80	187	84	203	88	195
Canarias	93	195	99	211	99	190
Cantabria	94	233	93	239	104	238
Castela e León	99	208	104	220	99	216
Castela - A Mancha	67	269	86	269	76	251
Cataluña	109	239	105	232	109	225
C. Valenciana	108	235	108	235	95	232
Estremadura	84	235	88	246	80	239
Galicia	90	192	87	199	73	189
Madrid	84	221	86	221	93	226
Murcia	103	216	114	234	101	225
Navarra	110	188	89	181	96	226
País Vasco	107	197	97	211	102	211
A Rioxa	97	190	78	195	96	196
Total	96	222	95	224	95	222

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

CADRO 4.6.19.*Fogares segundo o número de televisores. Distribución xeral. 1999*

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
	%				
Nº de televisores					
Ningún	1,4	3,9	4,4	2,1	2,4
1	47,0	59,7	53,9	46,0	49,4
2	39,8	27,7	33,8	41,7	37,9
3 ou más	11,8	8,7	7,8	10,3	10,3
Total	100	100	100	100	100
Número medio de televisores por fogar					
	1,6	1,4	1,5	1,6	1,6

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

deu a 559 pesetas en tanto que no caso das películas estranxeiras o gasto medio por espectador ascendeu a 577 pesetas.

Nos índices reflectidos no **cadro 4.6.17.** pódese apreciar un importante descenso no gasto medio por espectador en Galicia e en tódalas provincias galegas. No ano 1998 o gasto medio por espectador en Galicia (e tamén na provincia de A Coruña) era superior á media española en tanto que no ano 1999, o índice gasto medio por espectador era de 91,3 (España =100) cando no ano anterior tódalas provincias galegas superaban este valor.

Atendendo ó **cadro 4.6.14.**, o grao de penetración deste medio, medido pola porcentaxe de persoas que asistira o cine polo menos unha vez

na semana antes da enquisa, foi do 6,7% (11,0% no conxunto estatal), dúas décimas inferior ó rexistrado en 1999. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a comunidade con menor penetración.

En relación á radio e a televisión, o grao de penetración dos mesmos é de 48,5% e 87,1%, respectivamente, sendo esta porcentaxe lixeiramente inferior á rexistrada no ano anterior. Comparado coas diferentes comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade con menor grao de penetración en ámbolos dous medios audiovisuais.

O consumo medio diario de radio da poboación galega continúa descendendo no ano 2000, para acada-los 73 minutos (87 minutos no

ano anterior) fronte ós 95 minutos de media do conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades, neste ano Galicia se converte na comunidade con menor consumo diario, cando no ano anterior era a sexta comunidade con menor media por diante de A Rioxoa, Andalucía, Baleares, Castela-A Mancha e Madrid.

No caso da televisión, o consumo medio diario descendeu ata os 189 minutos (199 minutos no ano precedente), fronte ós 222 minutos de media en España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia tamén ocuparía o último posto no que a clasificación de consumo medio se refire, cando no ano anterior o consumo medio diario en Galicia superaba ó de Navarra, Aragón, A Rioxoa e Asturias.

A *Enquisa de condicións de vida das familias: Módulo de características básicas dos fogares* para o ano 1999 reflicte que o número medio de televisores por fogar en Galicia foi de 1,6, sendo este similar en tódalas provincias galegas, que se move entre os 1,4 de Lugo e os 1,6 de Pontevedra e A Coruña.

Case a metade dos fogares galegos teñen un só televisor na súa casa, en tanto que nas provincias de Lugo e Ourense estas porcentaxes acadan o 59,7% e 53,9%, respectivamente. Pola contra, un 11,8% dos fogares coruñeses posúen 3 ou máis televisores, fronte ós 7,8% de Ourense ou os 8,7% de Lugo.

Un último indicador é o uso de internet en Galicia. O grao de penetración en Galicia deste medio de comunicación case se duplica no ano 2000 para acadar un 8,2% (sendo dun 12,6% no caso do conxunto do estado).

En relación a este medio de comunicación, a devandita *Enquisa de condicións de vida das familias: Módulo de características básicas dos fogares* reflicte que un 19,7% dos fogares galegos caracterízanse pola dispoñibilidade dun ordenador. Entre o 80,3% que non o ten, un 21,1% afirma que foi porque non o puido mercar e un 59,2% di que non dispoñen del por outros motivos.

A provincia de Ourense foi a que menor grao de dispoñibilidade presentou, co 14,3%, seguida de Lugo, cun 17,6%. Pola contra, Pontevedra foi a provincia coa maior dispoñibilidade de ordenadores, co 21,8% dos fogares, fronte ó 20,6% no caso da provincia de A Coruña. ■

